

DECRETO

Ilma. Sra. Dona Paula Alvarrellos Fondo, Tenenta de Alcaldesa delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos

ASUNTO: APROBACIÓN DA ADHESIÓN DO CONCELLO DE LUGO AO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DA CORUÑA -UDC- E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS, -FEGAMP- PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS (CURRICULARES E EXTRACURRICULARES) DO ALUMNADO DA UDC NAS ENTIDADES LOCAIS ASOCIADAS Á FEGAMP.

Visto informe-Proposta da Xefa de Sección do Servizo de Fomento, de data 14 de xaneiro de 2021, coa conformidade da Sra. Concelleira Delegada, que no que se expón:

“Antecedentes de feito:

1. Correo electrónico do 09/12/2020, de D. Raimundo Otero Enriquez, profesor da Facultad de Socioloxía na Universidade da A Coruña, polo que fai chegar o borrador do convenio asinado o 27/11/2020 entre a devandita Universidade e a FEGAMP, de referencia.

2. Informe emitido pola Xefa de Servizo de Participación Cidadá Dona Amparo Rubinos Hermida, conformado pola Tenente de Alcaldesa Delegada da área, con data 22/11/2020, sobre a viabilidade da sinatura do convenio : “Así mesmo, emitese tamén informe favorable, en termos de oportunidade e viabilidade, á adhesión ao “Convenio Marco de colaboración entre a Universidade de A Coruña (UDC) e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a realización de prácticas académicas externas curriculares e extracurriculares dos estudantes da UDC nas entidades asociadas á FEGAMP”, cuxo obxecto é posibilitar que o alumnado das titulacións impartidas na Universidade de A Coruña (UDC) realice prácticas externas (curriculares e extracurriculares) dentro dos programas de cooperación educativa promovidos polo Concello”

3. Informe da Xefa de Servizo de Contratación, que di: “... O artigo 6.1 do citado texto legal “Convenios e encomendas de xestión” sinala expresamente en relación cós convenios que celebren as entidades do sector público entre si, que estarán excluídos do ámbito da presente Lei sempre que o seu contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta lei ou nas normas administrativas especiais.

Neste caso trátase de dos convenios có mesmo obxecto que É posibilitar que o alumnado das titulacións impartidas na Universidade da Coruña faga prácticas externas (curriculares e extracurriculares) dentro dos programas de cooperación educativa promovidos, neste caso,

SERVIZO DE FOMENTO

CGG

Refª: ispac7714126567682443536.doc

Asunto: D-Adhesión do Concello ao Conv UDC-FEGAMP-Prácticas Curriculares-962bis

polo Concello de Lugo no primeiro convenio ou dos concellos e deputacións que se adhiran ao segundo.

Ao xuízo de quen subscribe debe coordinarse a sinatura de ambos os dous convenios pero, examinadas as obrigas e compromisos das partes convenientes, ratifícase, sen dúbida o seu específico contido e, nese marco, pódese concluír que o seu obxecto (dós dous convenios) non está comprendido dentro dos contratos regulados na Lei 9/2017 de contratos do sector público”.

4.- Informe da Vicesecretaria do Concello, conformado pola Sra. Concelleira Delegada de Gobernanza: Economía e RRHH, de data 13/01/2021, no que se sinala: “... das prácticas non se derivarán as obrigas propias dun contrato laboral nin terán dotación económica obrigatoria para o Concello de Lugo, maila se poda prever unha asignación para o alumno/a en concepto de bolsa ou axuda ó estudo, suposto no que o concello habería dar de alta na Seguridade Social ó alumno e cotizar por el nos termos previstos no Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, sen prexuízo de que podan ser asumidas pola Fundación universidade da Coruña (FUAC), medio propio e servizo técnico da UDC, ou outras entidades que teñan tal condición.

A realización das prácticas non poderá supoñer en ningún caso o establecemento de vínculo laboral algún co Concello de Lugo nin se poderá subscribir relación contractual algunha entre ambos, ni tan sequera baixo as modalidades de contrato en prácticas ou para a formación segundo os artigos 11 e 12 do Real Decreto 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

O Concello de Lugo non asumirá a cotización á Seguridade Social do alumno en prácticas proposto e ningún outro que se acolla en virtude de dito convenio.”

Por últimoponse de manifesto que o certificado ou documentación comprobatoria da matriculación dos alumnos durante o curso correspondente, é o que acredita que estes se encontran asegurados en canto os riscos de accidentes e enfermidade cubertos pola póliza do seguro escolar que a UDC subscribe aos alumnos matriculados.

En canto á responsabilidade civil por danos a terceiros que poda ocasionar o alumno con respecto á realización das prácticas no Concello, consultado o responsable da correiduría do seguro do Concello ARTAI, pon de manifesto en decembro de 2020 que: *“La póliza de Responsabilidad Civil General del Concello contempla la incorporación de becarios o alumnos en practicas, y cubre su responsabilidad asimilándolos a cualquier otro trabajador del Concello. Por lo tanto te confirmo que la Responsabilidad Civil del alumno frente a Terceros está cubierta por la póliza de R.C. General del Concello”*

5.- Informe da Asesoría Xurídica Municipal, de data 14 de xaneiro de 2021, no que se manifesta conformidade co informe proposta emitido polo Servizo de Fomento.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO. O artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, establece que a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia.

SEGUNDO. O artigo 140.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala que as relacións entre a Administración Xeral do Estado ou as Administracións das Comunidades Autónomas coas Entidades que integran a Administración Local, rexeranse pola lexislación básica en materia de Réxime Local.

TERCEIRO. Por outra banda, o artigo 86 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, determina que “As Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ó ordenamento xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción, e teñan por obxecto satisfacer o interese público que ten encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que, no seu caso, prevea a disposición que o regule, podendo tales actos ter a consideración de finalizadores dos procedementos administrativos ou insertarse neles con carácter previo, vinculante ou non, á resolución que lles poña fin”.

CUARTO. Así mesmo, o artigo 57 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, dispón que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, poderase

SERVIZO DE FOMENTO

CGG

Refª: ispac7714126567682443536.doc

Asunto: D-Adhesión do Concello ao Conv UDC-FEGAMP-Prácticas Curriculares-962bis

desenvolver, en todo caso, mediante os consorcios ou convenios administrativos que subscriban.

QUINTO. De igual xeito, o artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86, de 18 de abril, do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que as Entidades Locais poderán concerta-los contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprí-los a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades.

SEXTO. A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, consonte a definición e tipos de convenios, o seu artigo 47.2.a) establece:

“Los convenios que suscriban las Administraciones Públicas, los organismos públicos y las entidades de derecho público vinculados o dependientes y las Universidades públicas, deberán corresponder a alguno de los siguientes tipos:

a) Convenios interadministrativos firmados entre dos o más Administraciones Públicas, o bien entre dos o más organismos públicos o entidades de derecho público vinculados o dependientes de distintas Administraciones públicas, y que podrán incluir la utilización de medios, servicios y recursos de otra Administración Pública, organismo público o entidad de derecho público vinculado o dependiente, para el ejercicio de competencias propias o delegadas. Quedan excluidos los convenios interadministrativos suscritos entre dos o más Comunidades Autónomas para la gestión y prestación de servicios propios de las mismas, que se regirán en cuanto a sus supuestos, requisitos y términos por lo previsto en sus respectivos Estatutos de autonomía.”

Do mesmo xeito o artigo 49 desta Lei, pronúnciase sobre o “Contido dos convenios”, no cal establécese que os convenios aos que se refire o apartado 1 do artigo anterior (*Artigo 48.1: As administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculadas o dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que elo poda supoñer cesión da titularidade da competencia*), deberán incluír, ao menos, as seguintes materias:

- a) Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública, dos organismos públicos e as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes dela ou das Universidades públicas.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao presuposto correspondente de acordo co previsto na lexislación presupostaria.

e) Consecuencias aplicables no caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes e, no seu caso, os criterios para determinar a posible indemnización polo incumprimento.

f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos firmantes. Este mecanismo resolverá

g) O réxime de modificación do convenio. A falla de regulación expresa a modificación o contido do convenio requirirá acordo unánime dos firmantes.

h) Prazo de vixencia do convenio tendo en conta as seguintes regras:

1º. Os convenios deberán de ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que normativamente se prevea un prazo superior.

2º. En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, os firmantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais a súa extinción.”.

No caso do convenio marco obxecto de aprobación, que nos ocupa, enténdese que contén as materias referidas.

SÉTIMO. A materia obxecto do convenio marco ó cal se adhiere o concello é de competencia municipal, en aplicación do artigo 25 de Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. No referente ao órgano competente para a súa aprobación corresponde a Xunta de Goberno Local competencias delegadas conforme ao acordo 28/452, na sesión ordinaria celebrada o día dezasete de xullo de dous mil dezanove.

Na súa consecuencia, subliñar que a proposta de adhesión ao convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos.”

Por todo o anteriormente exposto, no uso das atribucións que me son concedidas, conforme ao acordo 28/452, da Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día dezasete de xullo de dous mil dezanove, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a adhesión do Concello de Lugo ao convenio de colaboración entre a UDC e a FEGAMP, e os seus anexos I e II o texto dos cales son:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DA CORUÑA (UDC) E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES E EXTRACURRICULARES DO ALUMNADO DA UDC NAS ENTIDADES LOCAIS ASOCIADAS Á FEGAMP.

A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, derivada da adaptación ao espazo europeo de educación superior (EEES), pon unha especial énfase na realización por parte do alumnado universitario de prácticas externas en entidades públicas e privadas, nacionais ou internacionais desde a consciencia de que unha combinación dunha axeitada formación teórica universitaria co coñecemento aplicado das técnicas e das metodoloxías desenvolvidas no campo

SERVIZO DE FOMENTO

CGG

Refª: ispac7714126567682443536.doc

Asunto: D-Adhesión do Concello ao Conv UDC-FEGAMP-Prácticas Curriculares-962bis

profesional constitúe a base máis sólida para a súa formación integral ao capacitálo para a súa futura inserción no mercado laboral. Por este motivo,

COMPARECEN

Por unha banda, D. Julio E. Abalde Alonso, reitor da Universidade da Coruña, con sede na rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, e CIF Q6550005J. Actúa en nome e representación da nomeada institución, no uso das atribucións que lle confire o art. 36.1.f) dos seus Estatutos, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro, que outorga ao reitor a facultade de asinar convenios en nome da Universidade da Coruña.

E, pola outra Don Alberto Varela Paz, na súa condición de Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante FEGAMP), CIF V15160963 e sede na rúa Varsovia, 4C andar, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña) no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46, punto primeiro, letra d) dos vixentes Estatutos da Fegamp (aprobados pola assemblea xeral ordinaria do 4 de decembro de 2003) e en virtude do seu nomeamento pola assemblea xeral de 29 de novembro de 2019.

As dúas entidades recoñécense respectivamente personalidade, capacidade e competencia para outorgar este convenio, polo que

ACORDAN

O establecemento dun convenio de colaboración educativa para a realización de prácticas académicas externas (curriculares e extracurriculares) ao abeiro do Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas do alumnado universitario, e do Regulamento de prácticas académicas externas da UDC, aprobado polo Consello de Goberno o 23 de abril de 2013, e modificado polos acordos do Consello de Goberno do 27 de febreiro de 2015, o 29 de setembro de 2015, o 29 de maio de 2018 e o 4 de xuño de 2019, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

Este convenio ten por obxecto posibilitar que o alumnado das titulacións impartidas na Universidade da Coruña (en diante, a UDC) faga prácticas externas (curriculares e extracurriculares) dentro dos programas de cooperación educativa promovidos por FEGAMP ou dos concellos e deputacións que se adhiren a este convenio. (en adiante, a Entidade local colaboradora).

SEGUNDA. Persoas beneficiarias e requisitos

Poderán ser beneficiarios deste convenio os seguintes tipos de alumnado:

a) O alumnado da UDC matriculado nas titulacións oficiais de grao ou de mestrado universitario que cumpra cos requisitos establecidos.

b) O alumnado doutras universidades españolas ou estranxeiras que estea a realizar estadias de estudo na UDC en programas de mobilidade académica ou por medio de convenios bilaterais, sempre que as normas que regulen eses programas e convenios ou os regulamentos internos de aplicación non dispoñan outra cousa.

O alumnado beneficiario deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) Nas prácticas curriculares estarase ao disposto no plan de estudos de cada titulación.

b) Canto ás prácticas extracurriculares, o alumnado deberá cumprir estas condicións:

- Estar matriculado na ensinanza á cal se vinculen as competencias básicas, xenéricas e específicas que se adquirirán.

- Ter superado o 50% dos créditos necesarios para obter o título de grao, incluídos, como mínimo, todos os créditos de formación básica. No caso de alumnado de mestrado a porcentaxe anterior será do 25%. No caso doutros programas formativos o/a alumno/a terá que estar matriculado/a no programa de que se trate.

- Non superar a duración en horas establecida no art. 14 do Regulamento de prácticas curriculares e extracurriculares da UDC no mesmo ano académico. De existiren vacantes na oferta de prácticas extracurriculares, formarase unha listaxe de agarda en que poderá participar o alumnado que superase estas horas.

- Estar matriculado de forma oficial (matrícula ordinaria) segundo o procedemento establecido pola UDC.

Non poderá ser beneficiario destas prácticas o alumnado que manteña algunha relación contractual coa Entidade local colaboradora, agás no caso das prácticas curriculares sempre e cando se conte coa autorización do/a vicerreitor/a con competencias en materia de estudantes, logo do informe da Comisión de Prácticas da UDC.

TERCEIRA. Oferta de prazas de prácticas

A FEGAMP divulgará entre os concellos e deputacións galegas a existencia deste convenio a fin de que aqueles e estas oferten prazas de prácticas ao alumnado das titulacións da UDC.

A oferta de prazas de prácticas nas entidades locais colaboradoras realizarase mediante a adhesión das mesmas a este convenio e o compromiso de respectar as súas cláusulas, a través do modelo incluído no anexo II. As ofertas recibidas trasladaranse aos centros, escolas e facultades correspondentes ás titulacións impartidas na UDC.

Os centros, facultades e escolas da UDC asignarán estas prazas de conformidade co disposto no Regulamento de prácticas académicas externas da UDC.

CUARTA.- Duración

a) Prácticas curriculares: terán a duración que estableza o plan de estudos correspondente nos termos dispostos no art. 12.6 do Real decreto 1393/2007, do

SERVIZO DE FOMENTO

CGG

Refª: ispac7714126567682443536.doc

Asunto: D-Adhesión do Concello ao Conv UDC-FEGAMP-Prácticas Curriculares-962bis

29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, ou norma posterior que o substitúa. As prácticas levaranse a cabo de conformidade co calendario académico aprobado polo Consello de Goberno para cada curso académico.

b) Prácticas extracurriculares: durante o período lectivo as prácticas extracurriculares non excederán as 750 horas, sumadas as prácticas curriculares e extracurriculares, atendendo ao disposto no art. 14 do Regulamento de prácticas académicas externas do estudiantado da UDC, cunha distribución horaria que permita a dedicación simultánea aos estudos e ás prácticas.

c) Con carácter xeral, a distribución horaria das prácticas externas establecerase de acordo coas súas características e a dispoñibilidade da Entidade local colaboradora. En calquera caso, os horarios serán compatibles coa actividade académica, formativa e de representación e participación que o alumnado desenvolva na UDC.

d) Excepcionalmente, nos casos en que estudiantado teña unha carga lectiva moi reducida para finalizar a súa titulación oficial, poderá realizarse unha xornada ampla, sen superar as 40 horas semanais e 8 diarias e sempre coa autorización da persoa titora académica.

QUINTA. Dereitos e obrigas do alumnado

Durante as prácticas, o alumnado comprometerase a cumprir as condicións concretas que se sinalen para elas; a efectuar as actividades que a Entidade local colaboradora lle encomende dentro do proxecto formativo fixado; a respectar os regulamentos e as normas da Entidade local colaboradora; a gardar unha absoluta confidencialidade sobre os acontecementos e os documentos da Entidade local colaboradora, mesmo unha vez finalizado o período de prácticas, e a manter o contacto coas persoas designadas como titoras.

Ao alumnado garantiránselle, en todo caso, os dereitos previstos no art. 9 do Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, así como os permisos que recoñeza a normativa vixente. Unha vez finalizado o período de prácticas, o alumnado elaborará unha memoria final que entregará á persoa titora do seu centro. Na devandita memoria final deberán recollerse as seguintes informacións:

- a) Datos persoais.
- b) Entidade local colaboradora en que levou a cabo as prácticas e onde está situada.
- c) Descrición concreta e detallada das tarefas desenvolvidas na Entidade local colaboradora, con indicación do(s) departamento(s) da Entidade local colaboradora en que se realizaron.
- d) Valoración das tarefas executadas e dos coñecementos e competencias adquiridos en relación cos seus estudos universitarios.
- e) Relación dos problemas que se lle presentaron e dos procedementos que se seguiron para resolvelos.
- f) Contribución que supoñen as prácticas en materia de aprendizaxe.
- g) Avaliación das prácticas e suxestións de mellora.

h) Outros aspectos que o centro considere relevantes de cara á formación do alumnado.

SEXTA. Dereitos e deberes da Entidade local colaboradora

A Entidade local colaboradora comprométese a fixar, conxuntamente coa UDC, o proxecto formativo que efectuará cada estudante, e a respectar os dereitos do alumnado no tocante á protección de datos de carácter persoal. En todo caso, o proxecto formativo cumprirá cos principios de inclusión, igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

As tarefas que levará a cabo o alumnado en prácticas estarán relacionadas co seu nivel de estudos e de formación académica.

A local colaboradora expedirá un certificado acreditativo da realización das prácticas e das súas características para o alumnado. Alén disto, remitirá ao centro debidamente cuberto o informe de seguimento final das prácticas, en que deberán constar, entre outros, estes aspectos:

- a) Capacidade técnica.
- b) Capacidade de aprendizaxe.
- c) Administración e organización dos traballos.
- d) Habilidades de comunicación oral e escrita. No caso do alumnado con discapacidade e dificultades de expresión oral, cumprirá indicar o seu grao de autonomía para esta habilidade e se require algún tipo de apoio técnico ou humano.
- e) Sentido da responsabilidade.
- f) Facilitade de adaptación.
- g) Creatividade e iniciativa.
- h) Implicación persoal.
- i) Motivación.
- j) Receptividade ás críticas.
- k) Puntualidade.
- l) Relación coa contorna laboral.
- m) Capacidade de traballo en equipo.
- n) No caso das prácticas curriculares, valoraranse ademais as competencias previstas no proxecto formativo.

SÉTIMA. Relación entre a Entidade local colaboradora e ao alumnado en prácticas

Das prácticas non se derivarán as obrigas propias dun contrato laboral e tampouco terán ningunha dotación económica obrigatoria por parte da Entidade local colaboradora, malia que se poderá prever unha asignación para o/a alumno/a en concepto de bolsa ou axuda ao estudo. Neste caso, a Entidade local colaboradora deberá dar de alta na Seguridade Social o alumnado e cotizar por el nos termos previstos polo Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, e a normativa que o desenvolva, sen prexuízo que poidan ser asumidas pola FUAC (Fundación

SERVIZO DE FOMENTO

CGG

Refª: ispac7714126567682443536.doc

Asunto: D-Adhesión do Concello ao Conv UDC-FEGAMP-Prácticas Curriculares-962bis

da Universidade da Coruña), medio propio e servizo técnico da UDC, ou outras entidades que teñan tal condición.

A Entidade local colaboradora poderá interromper as prácticas cando considere que o alumnado vulnerou gravemente as súas obrigas, o que lle comunicará á persoa que fose designada como titora por parte do centro da UDC.

A realización das prácticas non supón en ningún caso o establecemento dun vínculo laboral coa Entidade local colaboradora. O alumnado e a Entidade local colaboradora non poderá subscribir ningunha relación contractual, ninsequera baixo as modalidades de contrato en prácticas ou para a formación previstas nos artigos 11 e 12 do Real decreto 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores. Xa que logo, o/a estudante acollido/a a este réxime de prácticas queda excluído da lexislación laboral.

Se o/a estudante se incorpora á Entidade ao acabar os seus estudos, o tempo de prácticas non computará para os efectos de antigüidade nin eximirá do período de proba, agás que o convenio colectivo de aplicación estipule algo distinto.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo primeiro desta cláusula, aos efectos do disposto na alínea 3, letra b, da Disposición Adicional Quinta do Real Decreto-Lei 28/2018, de 28 de decembro, a Entidade non asumirá en ningún caso a cotización á Seguridade Social do alumnado en prácticas que acolla en virtude do presente convenio.

OITAVA. Titoría

O alumnado en prácticas que se acolla a este programa disporá dunha titoría académica e outra profesional. A persoa que exerza como titora académica será designada polo centro da UDC en que curse os seus estudos entre o seu profesorado, mentres que a que exerza como titora profesional, con competencias profesionais na área, será designada pola Entidade local colaboradora.

As persoas titoras supervisarán as funcións levadas a cabo polo alumnado durante as súas prácticas, asistirano no que for necesario e avaliarán o seu aproveitamento das prácticas.

As persoas titoras académicas e profesionais poderán obter da UDC o recoñecemento da súa actividade, de conformidade coa normativa interna de aplicación. Igualmente, deberán cumprir as obrigas previstas nos capítulos IV e V do Regulamento de prácticas académicas externas do estudiantado da UDC.

NOVENA. Seguro escolar

O estudiantado da UDC menor de 28 anos está cuberto polo seguro escolar obrigatorio que paga coa matrícula. Aquel maior de 28 anos deberá contratar, de ser o caso, o seguro Hac Luce Accidentes, que tamén poderá ser contratado polo resto do estudiantado. A maiores, a Entidade local colaboradora poderá subscribir ao seu cargo un seguro adicional para o/a alumno/a.

No caso de prácticas no estranxeiro é imprescindible asinar unha póliza de seguro para o período de prácticas que cubra, como mínimo, os riscos sanitarios e de accidentes que inclúa a repatriación. Os gastos da dita póliza correrán a cargo do alumnado. A responsabilidade civil por danos a terceiros en que eventualmente se

puidese incorrer quedará cuberta pola póliza que a UDC ten subscrita para os efectos.

DÉCIMA. Remisión ao anexo

Para cada práctica individual formalizaranse os anexos a este convenio que corresponda, de acordo co modelo adxunto no Anexo I.

En cada anexo figurarán os datos do convenio de referencia; os datos persoais do/a alumno/a; o lugar en que terán lugar as prácticas; o total de horas e a súa distribución temporal; o proxecto formativo obxecto das prácticas do/a alumno/a; a posible bolsa ou axuda ao estudo que percibirá e o tipo de seguro que lle dará cobertura.

Os anexos serán asinados polo alumnado adxudicatario, unha persoa representante da Entidade local colaboradora e outra representante do centro en que se impartan os seus estudos ou da titulación que curse.

En caso de incumprimento, a Entidade local colaboradora poderá instar a rescisión anticipada das prácticas.

O recoñecemento académico das prácticas externas extracurriculares realízase de acordo coas normas e os procedementos establecidos pola UDC, e incorporarase ao suplemento europeo ao título (SET) de conformidade coa normativa de aplicación.

DÉCIMO PRIMEIRA . Réxime xurídico e resolución de conflitos

As cuestións litixiosas que xurdan no tocante á interpretación, a modificación, a resolución e os efectos deste convenio serán resoltas de mutuo acordo polas partes.

En defecto de acordo entre as partes, as discrepancias resolveranse mediante arbitraje nos termos previstos pola Lei 60/2003, do 23 de decembro.

O marco legal que regula as prácticas externas está definido no que dispón o Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, o Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro; o Regulamento de prácticas académicas externas do estudiantado da UDC; o disposto no plan de estudos de cada titulación e a normativa propia de cada centro; a regulación específica daquelas prácticas a que afecten programas de ámbito autonómico ou estatal de fomento das prácticas académicas externas no Sistema Universitario Galego ou nun ámbito competencial superior (sen prexuízo da aplicación da normativa da UDC); as normas establecidas nos programas e convenios que amporen as prácticas internacionais, e as contidas nos regulamentos internos sobre mobilidade internacional.

DÉCIMO SEGUNDA. Entrada en vigor do convenio

Este convenio, que deixa sen efectos os convenios anteriores subscritos no marco dos programas de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas externas, entrará en vigor no momento da firma e a duración será de catro anos. As partes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de até catro anos adicionais ou a súa extinción en calquera momento do seu termo.

SERVIZO DE FOMENTO

CGG

Refª: ispac7714126567682443536.doc

Asunto: D-Adhesión do Concello ao Conv UDC-FEGAMP-Prácticas Curriculares-962bis

Así mesmo, calquera das partes poderá denunciar este convenio, o que deberá comunicar á outra parte por escrito con tres meses de antelación á data en que se desexe dalo por rematado. A denuncia do convenio non afectará ás prácticas que se estean a realizar no momento de efectuala..

DÉCIMO TERCEIRA. Protección de datos

A sinatura dun convenio de cooperación educativa de prácticas externas e os seus anexos implica a aceptación do contido do aquí recollido e a autorización para o tratamento dos datos persoais do alumnado coa finalidade exclusiva de xestionar as prácticas e o seguimento da súa inserción laboral.

A UDC e as entidades locais colaboradoras que traten os datos persoais con esta finalidade gardarán o deber de confidencialidade sinalado no art. 5 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Igualmente, garantirán o exercicio dos dereitos recoñecidos por esta lei ás persoas interesadas. O tratamento para calquera outro fin requirirá o consentimento expreso das persoas titulares, nos termos da normativa de protección de datos persoais.

As partes asinantes manifiestan que coñecen e que cumprirán as estipulacións relativas á protección de datos persoais establecidas no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou RXPD) e da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. As partes comprométense a respectar o deber de confidencialidade en relación cos datos persoais que sexan manexados no exercicio das competencias derivadas deste acordo. Comprométense, así mesmo, a limitar na medida do posible o acceso dos seus empregados aos datos de carácter persoal e a establecer as medidas de seguridade eficaces para garantir este deber de confidencialidade. As partes comprométense a tratar os datos persoais exclusivamente para a finalidade prevista neste convenio. As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non se cederán a terceiros, salvo nos casos en que exista unha obriga legal.

As persoas interesadas terán dereito a solicitar ao responsable de tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), ao enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, R/Maestranza 9, 15001 A Coruña, ou ao correo electrónico rpd@udc.gal, ou a través do rexistro telemático da Sede electrónica ou nos rexistros presenciais da UDC), en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Os datos deberán ser destruídos ou devoltos, segundo o criterio da entidade titular dos

datos, unha vez finalizada a vixencia deste convenio e rematada a relación entre as partes, sen prexuízo das excepcións que a normativa e/ou as decisións xudiciais puidesen establecer con respecto ao mantemento temporal de certos datos

DÉCIMO CUARTRA. Comisión mixta paritaria

Constitúese unha comisión mixta paritaria para o seguimento deste convenio, formada pola persoa que exerce o cargo de vicerreitor/a con competencias en materia de estudantes da UDC ou a persoa en quen delegue e pola persoa designada pola FEGAMP ou a persoa en quen delegue.

A dita comisión encargárase da vixilancia e o seguimento do cumprimento do convenio e da resolución das dúbidas e os conflitos que poidan xurdir na súa interpretación e aplicación.

En proba de conformidade, asíñase este convenio, para un só efecto

Pola UDC: Julio E. Abalde Alonso, Reitor

Pola FEGAMP: Alberto Varela Paz, Presidente

“ANEXO I

Ao convenio de colaboración con

_____ Indicar nome entidade/empresa _____
para a realización de prácticas externas.

O/a alumno/a que firma abaixo acepta para participar no programa de prácticas externas _____ Indicar se son Curriculares/Extracurriculares__ da

_____ Indicar nome Facultade/Escola Universitaria__ da

Universidade da Coruña ao abeiro do convenio de cooperación educativa con

_____ Indicar nome entidade/empresa__, con CIF_____ e

declara coñecer e aceptar as normas establecidas no devandito convenio.

DATOS DO/DA ALUMNO/A

NOME E APELIDOS:

DNI:

LOCALIDADE: CP

TELÉFONO1:

TITULACIÓN:

DIRECCIÓN:

PROVINCIA:

PAÍS:

TELÉFONO2 (opcional)

CORREO-e:

DATOS DA ENTIDADE/EMPRESA

NOME E APELIDOS: ----- Nome e apelidos persoa contacto entidade/empresa -----

DNI:

DIRECCIÓN: -----Dirección da

entidade/empresa-----

LOCALIDADE: CP

PROVINCIA:

PAÍS:

TELÉFONO1:

TELÉFONO2 (opcional)

CORREO-e:

DATOS DA PRÁCTICA

DIRECCIÓN LUGAR DE PRÁCTICAS: ----- Indicar dirección lugar de prácticas -----

LOCALIDADE: CP

PROVINCIA:

PAÍS:

DATA INICIO DA

DATA FIN DA PRÁCTICA: N° HORAS:

CRÉDITOS ECTS:

PRÁCTICA: -----dd/mm/aaaa----

----dd/mm/aaaa--

SERVIZO DE FOMENTO

CGG

Refª: ispac7714126567682443536.doc

Asunto: D-Adhesión do Concello ao Conv UDC-FEGAMP-Prácticas Curriculares-962bis

HORARIO¹: BOLSA OU AXUDA²: CONTÍA €/MES: cantidad Forma pagamento: Conta
SI o NO bancaria

PERSOAS TITORAS

TITOR/A DA ENTIDADE: ----- Indica nome e apelidos titor/a prácticas entidade/empresa

TITOR/A DA UDC: ----- Indica nome e apelidos titor/a prácticas UDC

¹ Concretar o horario de inicio e fin das prácticas en formato HH:MM tanto se se trata dun horario en xornada continua como nun de xornada partida. No caso de que o horario varíe segundo os días da semana é necesario indicar a dita variación.

² Bolsa ou axuda de estudos (de ser o caso) que a empresa lle concederá ao alumno ou alumna e forma na que será satisfeita (no caso de ser remunerada deberá cumprir coas obrigas recollidas na normativa tributaria e de cotización á Seguridade Social

PROXECTO FORMATIVO Descrición das tarefas ou actividades formativas relacionadas cos seus estudos que realizará o/a alumno/a

Coiñecementos específicos que deberá posuír o/a alumno/a antes de realizar as prácticas

Formación e competencias que adquirirá o/a alumno/a cando remate as prácticas

Forma prevista para o seguimento, orientación e avaliación do/da alumno/a durante as prácticas

O/a alumno/a que firma abaixo declara a súa conformidade para realizar prácticas, ao abeiro do nomeado convenio que se atén á lexislación vixente. Así mesmo, comprométese a manter a máis estrita obriga de confidencialidade sobre toda a información á que poida ter acceso, como consecuencia da realización das prácticas obxecto do presente convenio e deberá dar o seu consentimento asinando o documento de **información sobre protección de datos persoais para o alumnado de prácticas externas da UDC** que forma parte do trámite de xestión destas prácticas.

En proba de conformidade asinan este documento por triplicado,

A Coruña, __ día __, de __ mes __, de __ ano __

Titor/a da entidade ou empresa Estudante Titor/a da UDC

Ado.: Nome e apelidos titor/a entidade Ado.: Nome e apelidos estudante Ado.: Nome e apelidos titor/a UDC

Cargo: Posto que ocupa na empresa Cargo: Posto que ocupa na UDC

SR./SRA. DECANO/A, DIRECTOR/A DA FACULTADE/ESCOLA DE _____ Indica nome
Facultade ou Escola Universitaria onde cursa estudos __ DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA”

“ANEXO II

DOCUMENTO DE ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE A CORUÑA (UDC) E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES E EXTRACURRICULARES DOS ESTUDANTES DA UDC NAS ENTIDADES ASOCIADAS Á FEGAMP.

Don/Dona Concello/Deputación de

Alcalde/Alcaldesa/Presidente/Presidenta do/da

Manifesta a adhesión do Concello/Deputación de, así como a aceptación dos compromisos establecidos no Convenio arriba citado para a organización de prácticas do estudantado da UDC

Departamentos onde poderán realizar prácticas os estudantes (e número de prazas)

Períodos preferentes para a realización das prácticas

En..... a..... de
(Sinatura)"

SEGUNDO.- Notifica-la presente resolución ás partes interesadas indicando que pon fin á vía administrativa e contra ela pódese interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da recepción desta comunicación ante o Xulgado do contencioso administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, modificada pola Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro), así como as demais accións legais que estime pertinentes.

Malia o anterior, no caso de interposición por parte dunha Administración de recurso contencioso-administrativo contra outra e, con carácter previo e potestativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende a recepción da presente comunicación, poderá requirir á Xunta de Goberno Local para que anule ou revogue o presente acto; requirimento que se entenderá rexeitado se non se contestara dentro do mes seguinte á súa recepción. De utilizarse esta vía, o prazo de DOUS MESES para interpoñer recurso contencioso-administrativo contará dende o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución do requirimento ou se entenda presuntamente rexeitado (artigos 44.2 e 3 e 46.6 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa).

Cúmprase.